

Folleto informativo

Eleccións municipais do 28 de maio

2023



Para que é este folleto?

Este folleto recolle información importante sobre as eleccións municipais que se van celebrar este ano.

Ás eleccións municipais tamén se poden chamar eleccións locais.

As eleccións municipais celébranse o domingo 28 de maio do 2023.

Neste folleto explicamos as cousas máis importantes que tes que saber para votar nestas eleccións.

Que son as eleccións?

As eleccións son a forma que temos os cidadáns de elixir un goberno.

Nas diferentes eleccións eliximos ás persoas que queremos que gobernen por exemplo, en España ou no noso concello.

As persoas que se presentan a unhas eleccións chámanse candidatas ou candidatos.



Por que son importantes as eleccións?

As eleccións son importantes porque permiten que os cidadáns poidamos elixir ás persoas que gobernan por exemplo, no noso país ou no noso concello.



A quen votamos nas eleccións?

En todas as eleccións votamos a un partido político. Un partido político é un grupo de persoas que defenden as mesmas ideas.

Os partidos políticos presentan candidatos ou candidatas ás distintas eleccións.

Os candidatos e candidatas elixidos nas eleccións municipais serán o alcalde ou alcaldesa e os concelleiros e concelleiras.

Os concelleiros e concelleiras son as persoas que gobernan xunto ao alcalde ou alcaldesa no noso concello.

Nas eleccións municipais escollemos a papeleta do partido político que queremos que governe no noso concello.

Que eleccións hai este ano?

Este ano votamos nas eleccións municipais e nas eleccións xerais.

Nas eleccións municipais eliximos ás persoas que queremos que gobernen no noso concello. Isto significa que eliximos ao alcalde ou alcaldesa e aos concelleiros e concelleiras.

As eleccións municipais son o domingo 28 de maio do 2023.



As eleccións xerais aínda non teñen data de celebración.

Nas eleccións xerais eliximos ás persoas que queremos que gobernen en España por exemplo, o presidente ou presidenta.


Que persoas poden votar nunhas eleccións?

Nas eleccións podemos votar todas as persoas que cumpramos estes 2 requisitos:

- Ter 18 anos ou máis.
- Estar anotado no censo electoral.

O censo electoral é unha lista na que aparecen os nomes das persoas que poden votar nas eleccións.

Dende o 2019 **todas** as persoas con discapacidade intelectual poden votar.



Como decido a quen votar?

Ás eleccións preséntanse moitos partidos políticos.

Cada partido político presenta o seu programa electoral.

Os programas electorais son documentos

que recollen as ideas e accións de cada partido político.

Podes informarte dos programas electorais dos partidos políticos de diferentes formas:


- Podes ir a mitins dos partidos políticos.
Os mitins son charlas dos partidos políticos.
- Podes ler información sobre os programas electorais en periódicos e internet.
- Podes escoitar información sobre os programas electorais na radio.
- Ás veces algúns partidos políticos enviánnos ás nosas casas un resumo do seu programa electoral.

De que formas podo votar?

Podes elixir unha destas formas para votar:

- Podes votar en persoa no teu local electoral.
O local electoral tamén se pode chamar colexio electoral.
- Podes votar por correo.

Tes máis información sobre como votar por correo no documento chamado **Que pasos debo seguir para votar por correo.**



Como pode ser o meu voto?

Hai 3 tipos de voto.

Vamos a explicar cada un deles.

1

Podes votar a un partido político:

Votas a un partido político cando metes no sobre 1 papeleta do partido político que elixes.

2

Podes votar en branco:

Votas en branco cando metes na urna un sobre sen papeleta.

Os votos en branco tamén contan.

Cando votas en branco o teu voto vai para o partido político que máis votos consegue.

3

Podes votar nulo:

Votas nulo cando:

- Metes unha papeleta rota ou escrita no sobre.
- Metes papeletas de distintos partidos políticos no sobre.
- Metes unha papeleta na urna sen sobre.
- Metes unha papeleta ou un sobre non oficial.

Os votos nulos non son válidos e non se contan.

Onde teño que votar?

Tes que votar no local electoral que che corresponde.

Para saber en que local electoral tes que votar podes mirar a tarxeta do censo.

A tarxeta do censo é unha tarxeta que recibimos as persoas que podemos votar nunhas eleccións.

Esta tarxeta chega a túa casa antes do día das eleccións.

Nesta tarxeta aparece información importante por exemplo:

- O teu municipio ou concello.
- O local electoral que che corresponde.
- A mesa na que tes que votar.

A que hora podo ir a votar?

Podes ir votar ao teu local electoral o domingo 28 de maio do 2023 de 9 da mañá a 8 da tarde.



Que podo facer se necesito apoio para votar?

Se necesitas apoio para votar
podes ir acompañado ou acompañada
dunha persoa da túa confianza.
Por exemplo, algúns votantes que non saben ler
ou teñen algunha discapacidade
necesitan axuda doutra persoa para preparar o seu voto.
Isto chámase voto asistido.

Que documentos teño que levar para poder votar?

Para poder votar tes que levar

1 destes documentos:

- O teu DNI.
- O teu carné de conducir.
- O teu pasaporte.

Tes que levar o **documento orixinal**.

Non pasa nada se o documento está caducado.



Que pasos teño que seguir para votar no local electoral?

PASO 1

Busca o teu nome e apelidos nas listas do censo electoral.

No censo electoral podes ver a mesa na que tes que votar.

Se sabes a túa mesa electoral

non necesitas consultar o censo electoral.

PASO 2

Vai á mesa das papeletas para preparar o teu voto.

Se prefires preparar o teu voto de forma máis privada podes ir á cabina.

Na cabina tes papeletas e sobres para preparar o teu voto.

Se levas o teu voto preparado da casa

non necesitas facer este paso.

PASO 3

Vai á mesa electoral na que tes que votar.

Entrega o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte **orixinal**

ás persoas que están na mesa.

PASO 4

Mete o teu voto na urna

cando as persoas da mesa che digan que podes votar.



**Noraboa,
xa votaches !**

Quedouche algunha dúbida?

Se despois de ler esta información
aínda tes dúbidas sobre o proceso
para ir a votar
podes mandar un correo electrónico
a areasocial@fademga.org
ou chamar por teléfono ao 981 51 96 50.



**O teu voto
conta!**



FADEMGA



www.fademga.org